

PERPETUANDO



Construindo o pasado en clave de igualdade

Perpetuando



Perpetuando

Palabras clave

#fotoenfeminino

#fotografía_vivente

#participando na historia

#apropiacionismo

#fotoarquivo

#reiventándonos

#fotoigualdade

#herphoto

#histoselfie

A fotógrafa Perpetua



PERPETUANDO

A Fotógrafa Perpetua

O libro que serve de base

Perpetua sempre quixo ser fotógrafa, o mellor oficio que hai! As fotos que fai contan historias, explican o mundo e axudan a recordar as cousas e a xente que se foron deixando atrás. Ser fotógrafa é marabilloso.

Este libro ilustrado é un álbum de fotos porque conta a vida de Perpetua, pero tamén é algo máis, porque en todas as súas imaxes hai un segredo agochado.

Cada unha das ilustracións do libro oculta un autor consagrado e atopalo pódese converter nun xogo.

Ao abeiro deste libro xorde un proxecto do que herda o nome, **Perpetuando**, que se realizará durante o primeiro trimestre deste curso na **Escola de Imaxe e Son** da Coruña.



PERPETUANDO

A conta pendente

A estas alturas, non collerá a ninguén por sorpresa dicir que a historia da fotografía ten un sesgo de xénero. Até a chegada da contemporaneidade, os grandes fotógrafos son, salvo honrosas excepcións, todos homes. As mulleres son musas, non autoras. Pasa en todos os campos, a fotografía só é un exemplo máis. Até a chegada da contemporaneidade, dicía, porque aínda que queda moito por percorrer, por exemplo, no caso sangrante da foto de prensa, parecemos estar na dirección correcta. Daquela, por que andar a voltas co pasado?

Para chegar a ser un bo fotógrafo é preciso saber da súa historia. Como facelo sen coñecer aos grandes mestres? Mestres, non mestras. Porque, malia que habelas hailas, os grandes ases, as figuras referenciais, son, na súa maioría, homes.

Non se pode cambiar o pasado, pero o certo é que cada vez que o mostramos, facémolo presente. Eles son os banzos sobre os que asentamos a aprendizaxe, son eles os que nos ensinan a mirar e é a súa mirada a que perpetuamos cando mostramos a súa obra.

Que facer?

Fica claro que a historia unicamente reproduce a mirada dominante, e as diverxencias só se converten en material de estudo, cando pasan a ser asimilables. Pero por mais que nos fartemos de repetir isto ate a saciedade, as palabras teñen a efectividade que teñen. Soemos entender mellor cando somos nós quen tiramos as nosas propias conclusións. As metáforas poderosas e a práctica constante, son os medios máis efectivos para asentar o coñecemento, sabémolo todos.

Pois fagámolo así. Propoñamos unha práctica sobre o presuposto de que a historia da fotografía sempre foi igualitaria. Expliquemos como son as cousas pola vía da utopía.

Imaxinemos que tería acontecido se Man Ray, Ansel Adams ou Cartier-Bresson, fosen mulleres, que pasaría se os “homes do século XX” de Agust Sander fosen mulleres.



Henri Cartier Bresson por Yeray González


Un dos exercicios hexemónicos á hora de ensinar, tanto a iluminación como a composición, é facer que o alumnado reproduza un cadro histórico. É un exercicio moi completo porque require un

traballo de análise, ademáis da posta en práctica de todos os parámetros que desprendemos dese análise. Pois por que non comezar por aí?


Revisitar a historia con perspectiva de xénero

O que se propón dende **Perpetuando** é apenas un paso máis, empregar a perspectiva de xénero ao exercicio anterior. Que pasaría se reinventamos a historia da fotografía considerando que a igualdade existe e existiu sempre?

Xorden daquela dúas vías principais coas que enfocar o traballo do alumnado.



Inverter o suxeito/obxecto. Elas serán as autoras, eles os musos (unha palabra, que moi oportunamente para o discurso deste proxecto, non existe). A mais sinxela das intervencións, cambiemos os roles e teremos a metáfora feita.




Crear novas autoras, con linguaxes transformadoras, fóra do seu tempo, ao puro estilo Vivian Meier. Neste caso faría falla inventarlle unha narrativa.



PERPETUANDO

FASES PERPETUANDO

O Proxecto está pensado en tres fases, correspondentes a tres cursos escolares.




Neste primeiro ano, a produción estivo enfocada aos seguintes retos:

Realizar a primeira tanda de imaxes de inversión de roles.

Xerar estruturas, fluxo de traballo e equipo de coordinación e produción.

Deseñar as fotos viventes

Divulgación do proxecto: páxina web, redes e evento de presentación e documentación do mesmo.




Segundo ano: creación do arquivo Perpetuando.

Seguir a elaborar fotografías e estender o proxecto a outros niveis educativos.


Darlle forma de arquivo ao material.

Realizar unha exposición e un catálogo.



Terceiro ano: A consolidación.

Achegar o arquivo a estudosos da fotografía e o xénero para que poidan darlle forma as súas reflexións a través dunhas xornadas e unha publicación.



Irving Penn por Alicia Maquieira

PERPETUANDO



O primeiro ano

As Imaxes

Selección de autores

Man Ray, Robert Capa, William Klein, Walker Evans, Helmut Newton, Cecil Beaton, Arnold Newman, Cartier Bresson, Richard Avedon, Eugene Smith, Arthur Sasse, August Sander e Henri Lartigue son, entre outros, algúns dos fotógrafos que se están a recrear. Nun principio a elección de autores ía moi conducida pero a medida que avanzaba o proxecto fíxose claro que había que deixala mais aberta. Deixarlle ao alumnado unha liberdade total en canto a elección dos mesmos

PERPETUANDO

Adjuntos

images.jpg
Añadido: ayer a las 14:03 • [Comentario](#) • [Eliminar](#) • [Editar](#)
[Quitar portada](#)

Documentación [Eliminar](#)

0%

- boceto
- planta de cámara
- planta de luces
- listado material vestuario
- listado material caract
- listado mat. tec
- listado persoal
- listado localización

Automatización [+ Añadir botón](#)

Acciones

- [→ Mover](#)
- [Copiar](#)
- [Crear plantilla](#)
- [Archivar](#)
- [Compartir](#)

Trello Espacios de trabajo Reclente Marcado Plantillas Crear

perpetuando expo

Inbox

- ideas
- Steamfitter
- Entrega bosquejo

diseño

- Martin C.
- Elena

planificación

- Samuel
- Rubén

espera

- Martín.R
- Alicia

en proceso

- María
- Ycc Jin

[Eliminar](#)

[Eliminar](#)

Bocetado e toma

PERPETUANDO



Ivy Penn
(Irving Penn)


Alicia Maquieira

PERPETUANDO



Nano Golding (Nan Golding)

Pablo González



PERPETUANDO

Eugenie Smith
(Eugene Smith)

Yoo JIn Sin

PERPETUANDO



Roberta Capa
(Robert Capa)

Samuel Cerdeira

PERPETUANDO



PERPETUANDO

**Pepa Suárez
(José Suárez)**

Xabier Dios



**Ariadna Newman
(Arnold Newman)**

Martín Regueiro


Ana Ray
(Man Ray)
María Blanco

PERPETUANDO





Cecil Beaton por Elena Luaces



Yosuff Karsh por David Roca



William Klein por Antonio Blanco

PERPETUANDO



Agust Sander Noelia Pigueiras



Eve Arnold por Rubén González



Agus Sander por Asier Torrado

PERPETUANDO

Leonela Fenninger (Lyonnel Fenninger)

Yoo JIn Sin

PERPETUANDO



A Imaxe de Fenninger será intervida dende a portada da primeira edición do libro a Estética fotográfica de J. Fontcuberta, onde, dos trece textos que hai, só un o firma unha Muller. Os nomes serán corrixidos ao estilo dunha grande figura do apropiacionismo: Barbara Kruger





Perpetuando

presentaciones

Korla por Álvaro Rodríguez



PERPETUANDO



PERPETUANDO

FUNDACIÓN LUIS SEOANE
San Francisco 27
20 DECEMBRO
19.00h



PERPETUANDO

www.perpetuando.com
IG: perpetuando_oficial



PERPETUANDO

FUNDACIÓN LUIS SEOANE
San Francisco 27
20 DECEMBRO
19.00h



PERPETUANDO

FUNDACIÓN LUIS SEOANE
San Francisco 27
20 DECEMBRO
19.00h



PERPETUANDO

FUNDACIÓN LUIS SEOANE
San Francisco 27
20 DECEMBRO
19.00h

FUNDACIÓN LUIS SEOANE
San Francisco 27
20 DECEMBRO
19.00h



PERPETUANDO

Proposta

Os Fotoramas



Fotoramas

#histoselfies #dioramas_inmersivos

Un dos piares deste proxecto son as fotos viventes. Unha sorte de dioramas inmersivos que representa algunhas das imaxes máis icónicas da historia da fotografía.

A idea é que os visitantes pasen a ter unha relación activa coa Imaxe que representan, poñéndose no lugar dun bañista de Vari, da Dorotea de Virxilio ou do Truman Capote de Irving Penn, entre outros.

Hai moito de lúdico nesta proposta pero tamén supón un xeito fantástico de achegarse á historia da fotografía dende a inmersión máis directa fronte as visións pasivas ás que estamos acostumados.

Os fotoramas perpetuando

Poden funcionar en conxunto ou de forma individual.



The Corner by Ivy Penn.

Baseado no traballo de Irving Penn.



A bañista por Elvira Caramés

Baseado no traballo de Vari Caramés



Dorotea por Virxinia Vieitez.

Baseado no traballo de Virxilio Vieitez.



O fondo branco.

Baseado no traballo de Haslman e Avedon.




O estudio de Perpetua

Baseado nos retratos dos fotógrafos históricos.



Feitos e ficcions von Helga Newton

Inspirado no póster da expo da MOP sobre Helmut Newton de A Coruña.



The Corner

by Ivy Penn

Nalgún momento de 1948 empecei a fotografar retratos nun pequeno recuncho formado por dous estudos unidos, o chan cuberto por unha moqueta vella. O resultado foi unha serie moi rica de fotografías. Este confinamento, sorprendentemente, parecía reconfortar á xente, tranquilizala. As paredes eran unha superficie na que apoiarse ou contra a que empuxarse. Para min, as posibilidades de imaxe eran interesantes; limitar o movemento dos suxeitos parecía aliviarme de parte do problema de sostelos.

Rescatando esta cita e o traballo de Irving Penn, montamos un set semellante ao seu para que os asistentes poidan converterse nalguna daquelas celebridades que se retrataron no seu estudio.

Actualmente este Diorama está montado na Fundación Luis Seoane da Coruña.


PERPETUANDO



The Corner



by Ivy Penn

PERPETUANDO



The Corner

by Ivy Penn



Bañistas

por Elvira Caramés

«Nada é un concepto para afundirche (tamén un imperativo; non te afundas). Nadar foi un francés mestre, para os que fan de de mirar o seu oficio, nas artesanías da sinxeleza. Nadar, o infinitivo, enuncia unha pregaria para os que van afogar bágoas na auga; aínda que sexa igualmente o increíble pracer da única caricia que podes sentir simultánea en todo o corpo. En fin, nadar, segundo creo ver nas miradas de Vari, é o mellor medio para para que os máis prácticos atopen como acabar de escribir na auga esas mensaxes que, de bebés, empezaron gateando sobre a alfombra do salón»

Extraído do texto, Instantáneas da emoción, de Luis Rei Nuñez

Rescatando esta cita e o traballo Vari Caramés empregamos un vinilo translucido e soporte para converternos en un deses fantásticos bañistas da Solana Coruñesa. Pegando a cara ao vinilo obtense a impresión dunha imaxe subacuática e pouco definida.

PERPETUANDO



Bañistas

por Elvira Caramés

PERPETUANDO



Dorotea

por Virxinia Vieitez

O fillo de Dorotea de Cará mándalle diñeiro, dende América, para que merque unha radio que supla a súa ausencia. Unha vez que a mercou, Dorotea chama a Virxinia para que a fotografíe coa radio, para que o fillo vexa cumprido o seu encargo. Non é a fotografía dunha presenza e a fotografía dunha ausencia.

Manuel Sendón sobre o traballo de Vieitez

Rescatando esta cita e o traballo de Virxilio, montamos un set á terra de montes de Vieitez que os asistentes poidan converter en Dorotea por un momento.


PERPETUANDO



Dorotea

por Virxinia Vieitez

PERPETUANDO



Fondo Branco

By Philippa Halsman

“Halsman sentía que ao pedir a unha persoa que saltase desviaba a súa atención do posar para unha foto cara ao acto de saltar; e por tanto revelaba a súa verdadeira personalidade”, escribiu Kurt Sundstrom sobre a obra de Philippa.

O mais sinxelo dos Dioramas, apenas un fondo branco.

O importante é traballar co suxeito. Facelo saltar como Philippe Halsman facía no seu Jumpology. Unha estratexia estupenda tirar retratos únicos.

PERPETUANDO



Fondo Bianco

By Philippa Halsman

PERPETUANDO



O estudio de Perpetua

As persoas vestíanse cos seus mellores traxes e posaban coa seriedade que exixía todo acto solemne.

Simulando un estudo dos anos trinta, os visitantes poderán experimentar o acto fotográfico en toda a súa solemnidade.

PERPETUANDO





O estudio de Perpetua

PERPETUANDO





Facts&Fiction

von Helga Newton

Alguen díxolle a Newton en televisión que as súas fotografías eran "moi misandrias", "moi desagradables" e "humillantes" e a fotógrafa respondeu que o que máis amaba "no mundo" eran aos homes.

Especialmente os señores esculturales aos que miraba e nos que non buscaba as súas "almas", senón as súas caras, as súas pernas e os seus seos, como ela mesmo conta.

Sobre Helga Newton, baseadas en declaracións de Helmut Newton, obviamente cos xéneros cambiados



Un necesario axuste de contas. Revisar a obra de Helmut Newton inventando a Helga, a que esperemos Marta Ortega dedique tamén unha exposición algún día.

Para o Photocall reproduciremos o póster da expo deixando o oco pertinente para facer en directo a foto que contén



PERPETUANDO


PERPETUANDO

percorrido

Eventos

Culturgal


Espazo arte



PERPETUANDO

Culturgal

PERPETUANDO



MARCO vigo

Presentación



PERPETUANDO

Intersección

Programa INTERSECCIÓN

17 Miradas Diversas FilMOTECA de Galicia	Miércoles 18 18:00-20:00 Proxectoión 20:30-22:30 Proxectoión	18 Internacional 3 FilMOTECA de Galicia Escolas FilMOTECA de Galicia
Internacional 1 FilMOTECA de Galicia	20:30-22:30 Proxectoión	Internacional 4 Teatro Colón
Internacional 2 FilMOTECA de Galicia	20:30-22:30 Proxectoión	
Galicia 1 Teatro Colón		
19 Internacional 5 FilMOTECA de Galicia	Venres 20 11:30-12:00 Actividade	Presentación "A fotógrafa perpetua" Sala Palexco



PERPETUANDO

Presentación Luis Seoane

PERPETUANDO



Presentación Luis Seoane

PERPETUANDO



Presentación Luis Seoane



PERPETUANDO



PERPETUANDO

percorrido

Prensa

Helmut Newton por Martín Castro

PERPETUANDO

LITERATURA

El proyecto fotográfico Perpetuando llega al Marco

El evento será a las 19 horas y tendrá lugar en la galería A3 del museo Marco

PRESENTACIÓN VIGO

Fotografía igualitaria


Olaia Sendón e Mar Caldas

A fotógrafa Perpetua. Marco, Museo de Arte Contemporánea / Galería A3 do andar baixo/ Rúa do Príncipe, 54 / 19 horas / Presentación do libro *A fotógrafa Perpetua* (libro ilustrado mais tamén pretende ser un álbum de

fotografías) e do proxecto *Perpetuando*, con Olaia Sendón e Mar Caldas, feito entre a Escola de Imaxe e Son e a escola de Belas Artes de Pontevedra, e editado en Xerais, que aspira a recrear como tería sido a historia da fotografía se a igualdade fora unha realidade desde sempre.



Olaia Sendón fará parte da presentación do libro e do proxecto.



Hoy, a las 19 horas, tendrá lugar en la galería A3, en la planta baja del museo Marco, la presentación del libro "A fotógrafa Perpetua" y del proyecto "Perpetuando", con Olaia Sendón y Mar Caldas. Este libro ilustrado, que también es un álbum de fotos, cuenta la

vida de Perpetua, y también algo más, porque en todas sus imágenes hay un secreto escondido. Al amparo de este libro, nace el proyecto fotográfico "Perpetuando", hecho entre la Escola de Imaxe e Son e a escola de BBAA de Pontevedra, con el que se pretende recrear como habría sido

la historia de la fotografía si la igualdad había sido una realidad desde siempre. La iniciativa construye desde la utopía un mundo sin discriminaciones de género que deja patente que nuestra mirada sobre la fotografía es heredada de los ojos de un hombre. ■



La artista y profesora desarrolla un proyecto didáctico a partir de su libro «A fotógrafa Perpetua». MARÍA BLANCO

La gallega que pudo ser la mejor fotógrafa del mundo

Olaia Sendón reescribe la historia con perspectiva femenina

BEGOÑA R. SOTELINO
VIGO / LA VOZ


Un buen día, a la artista, cineasta y profesora Olaia Sendón le dio por imaginar que la historia de la fotografía no tenía el sesgo de género que condiciona todas las vertientes de la creación artística desde el principio de los tiempos. Pero no se conformó solo con pensarlo. «Parasitei toda a historia da fotografía e fixen que a protagonizara unha fotógrafa do rural chamada Perpetua», cuenta. Esa idea fue el germen de un libro también ilustrado por ella, titulado *A fotógrafa Perpetua* y editado por Xerais, que ya está en las librerías y que a su vez ha sido el embrión de otra idea que ya está teniendo su desarrollo en las aulas, al menos, en la suya, ya que Sendón da clase en la Escuela de Imagen y Sonido de A Coruña y lo está aplicando en la asignatura Proyectos Fotográficos que allí imparte.

Este eslabón docente del libro en el que reescribe la historia de la fotografía a su antojo lo presentará mañana, miércoles, en el salón de actos del Museo Marco de Vigo (19.00 horas) junto a su socia de proyecto, la artista y profesora viguesa Mar Caldas, que da clase en la Universidad de Vigo y aplicará su parte a los alumnos en la facultad de Bellas Artes.

Indica Sendón que uno de los motivos que la llevaron a invitar a su alumnado a participar en este juego bautizado como Perpetuando fue que con la llegada de programas como chatGPT hay que proponer cosas que no sean fáciles de copiar. La propuesta educativa parte del falso supuesto de que nunca ha habido ningún conflicto de género, «de que a igualdade existiu sempre, e trátase de ver cómo quedaría a historia da fotografía, se por exemplo se Man Ray fose Ana Ray, e



Los alumnos reinterpretan fotos de Man Ray e Irving Penn.



Portada del libro de Xerais.

se en vez de ser nós as musas e eles os autores, fôsemos nós as autoras e eles foran os musos no suposto de que existise a palabra muso», explica la creadora nacida casualmente en Ourense, aunque creció en Vigo. «Trátase de facer un xogo sinxelísimo, que é poñer aos protagonistas ao revés», indica sobre una labor que comenzaron a trabajar juntas Mar Caldas y ella, y que ya ha dado sus frutos, «con varios bocetos que fixeron os rapaces sobre o cambio de xénero», como los que tienen como protagonistas fotos icónicas de Man Ray o Irving Penn, ya que en el libro del que parte todo lo demás, «todas as ilustracións están inspiradas nunha foto mítica».

La autora se inventó la narrativa también al revés, pensando primero en las fotos que le interesaba elegir y después, la historia, lo cual le llevó a hacer aquello que se critica, que es que quien filtra y decide qué es lo importante, escribe la historia como quiere. Ella lo hizo al contrario: «Dílle máis peso ás mulleres», aclara añadiendo que «a parte sinxela é copiar unha imaxe e invertirlle os roles, pero tamén existe a posibilidade de crear autores novos seguindo a estela de Vivian Maier, que foi quen de mudar os

conceptos». Las artistas calcularon para el proyecto un desarrollo de dos años que desembocará en una exposición, «pero hai moito aínda por definir», explica sobre un trabajo que puede tener múltiples aplicaciones en diferentes fases educativas.

Olaia Sendón, madre de dos niños de corta edad, no oculta que ellos tienen mucho que ver en sus proyectos desde que copan su tiempo: «Son sempre manciñas de explicarlas cousas que me interesan a min. Eu era cineasta de formación e chegou un punto en que me vin en casa con dous crios de menos de tres anos descubriendo que a conciliación é imposible. Me dixen: ¿e agora que fago?, e o que fixen foi trasplantar as obsesións que tiña a otro medio», explica sobre *A fotógrafa Perpetua* y otro proyecto como *A crebeira maravillas*, un libro e vídeo infantil que fixen para asegurarme de que o universo icnográfico da Costa da Morte se perpetuaba a través dos meus fillos», revela. Y parece que va funcionando porque como anécdota, y aunque el libro es para niños algo más mayores, cuenta que su hijo Xandro, ahora de 4 años, reconoció en una cafetería la foto de Cartier Bresson: «Mira, unha foto de Perpetua», le dijo.

Dúas profesoras reformulan a historia da fotografía desde o punto de vista de xénero

Olaia Sendón e Mar Caldas inician o proxecto en Imaxe e Son máis Belas Artes ▶ Sendón presenta o xermolo, o seu libro "A fotógrafa Perpetua"

M. MATO
VIGO

Revisitar a historia da fotografía con perspectiva de xénero? As profesoras Olaia Sendón (Escola de Imaxe e Son de A Coruña) e Mar Caldas (Facultade de Belas Artes de Pontevedra) cren que é factible e que se debe facer. Xusto este curso acaban de botar andar nas súas aulas un proxecto para lembrar os roles que mulleres e homes tiveron nas fotos no pasado e concienciar sobre a necesidade de mudalos.

O primeiro paso foi a presentación onte no museo MARCO de Vi-

go de "A fotógrafa Perpetua" (Xerais), un libro para a cativada no que ficciona a vida dunha fotógrafa galega chamada Perpetua á quen converte nunha das artistas máis importantes do século XX.

"O proxecto —explica a directora de cine viguesa Olaia Sendón— comezou cando pensei que para sobrevivir á fase maternal necesitaba levar a miñas obsesión creativa á literatura. Primeiro, saíu o libro 'Crebeiras'. Despois, pola importancia da fotografía, ocorrémese a idea de crear un autor total da fotografía para traspasala a unha muller. Empecé a facer un xogo de inventarlle

unha historia a partir de iconas da fotografía, imaxinando que ten un mozo, uns fillos e unhas aventuras".

O nome da protagonista deuilo seu pai, Manuel Sendón, ao lembrar que no pasado século había unha fotógrafa en Muros que se chamaba Perpetua Malvares.

Na segunda parte do proxecto, pensou en "cambiar os roles. Converter as mulleres en autoras e os homes en 'musos'. Foi entón cando falei con Mar Caldas e comezamos a traballar en paralelo".

No caso da clase de Sendón, en Imaxe e Son, propón un exercicio que consiste en refacer imaxes clásicas da historia da fotografía nas que os suxeitos fotografados, mulleres, pasen a ser homes; e a persoa que faga a foto teña a visión dunha muller.



Mar Caldas e Olaia Sendón, onte no MARCO. // José Loras

casas da historia da fotografía nas que os suxeitos fotografados, mulleres, pasen a ser homes; e a persoa que faga a foto teña a visión dunha muller.

No caso de Caldas, en Belas Ar-

tes, crearán autoras da nada. É dicir que o alumnado poida inventar unha posible autora e obra do pasado "parasitar a realidade para espónen novos modelos inventando unha nova narrativa", conclúe.